

# A ATENCIÓN ÁS ALTAS CAPACIDADES NA ESCOLA INCLUSIVA

J. Eladio Ferro Fontenla

## INTRODUCCIÓN

Para entender a atención educativa que deben ter os/as alumnos/as máis capaces habemos de remitirnos ao referente principal do que dispoñemos na actualidade, este non é outro máis cá LOE (*Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*),

No seu preámbulo, podemos ler:

*“Ningún país pode desperdiciar a reserva de talento que posúen todos e cada un dos seus cidadáns, sobre todo nunha sociedade que se caracteriza polo valor crecente que adquiren a información e o coñecemento para o desenvolvemento económico e social.”*

*“A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e todos os alumnos. É dicir, trátase de considerar a diversidade das alumnas e alumnos como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.”*

Así, pois, faise imprescindible nesta sociedade moderna, pero cada vez máis complexa, atender á diversidade do alumnado dende o principio de **inclusión**, como garantía de que todo o alumnado sexa debidamente atendido segundo as súas necesidades educativas ó longo de toda a etapa educativa obrigatoria.

STAINBACK E STAINBACK (1992) definen a escola inclusiva como aquela que educa a todos os estudantes dentro dun único sistema educativo,

proporcionándolles programas educativos apropiados que sexan estimulantes e adecuados ás súas capacidades e necesidades, ademais de calquera apoio e axuda que tanto eles como os seus profesores poidan necesitar para ter éxito.

A escola inclusiva aínda debe ir un pouco máis lonxe ca isto, xa que ha de converterse nunha institución á que todos pertencen, onde todos os alumnos/as han de ser aceptados e apoiados polos seus compañeiros/as pero tamén por outros membros da comunidade escolar. A inclusión, pois, non é solo para alumnos/as discapaces ou capaces, senón para todos: os estudantes, os profesores, os pais e todos os membros dunha comunidade educativa.

## QUÉN SON OS MÁIS CAPACES

Poderíamos dicir que os alumnos/as máis capaces serían os mellores alumnos/as que ten a escola. Os alumnos/as con altas capacidades serían potencialmente os máis capaces, pero, incluso nos quedaríamos curtos. Hai alumnos con altas capacidades que non son os máis capaces dende un punto de vista escolar.

Dende a actual lexislación educativa, a LOE, ó introducir o termo Altas Capacidades (AA. CC.), abre un novo marco de referencia para atender a este tipo de alumnado, pois, antes desta lei, só se contemplaban ós/ás alumnos/as sobredotados/as. A amplitude do termo implica que unha porcentaxe moito máis ampla de individuos sexa agora recoñecido como alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).

Agora ben, ante esta nova situación faise necesario definir que tipo de suxeitos van ser incluídos dentro do termo Altas Capacidades. Dende esta óptica, é importante reparar que dependendo do perfil que se determine, as consecuencias poderán ser favorables ou desfavorables, non só para o individuo tamén para a sociedade, STERNBERG e DAVIDSON, (1986); RAYO, (2001).

Faise imprescindible que os estudosos do tema utilicemos unha linguaxe e criterios comúns que nos permitan entendernos e saber exactamente




Fig. 1. Concepto de sobredotación. Ferro, 2001

do que estamos a falar á hora de traballar con este tipo de alumnado.

Existe unha gran profusión de termos: superdotación, sobredotación, lixeiramente, moderadamente, altamente superdotado, precoces, prodixiosos, brillantes, excepcionais, virtuosos, xenios, talentosos: talentos simples, matemáticos, creativos, artísticos, verbais, académicos, lóxicos, sociais, deportivos, tecnolóxicos, talentos compostos, talentos conglomerados, etc.

Aínda que é necesario acadar unha unanimidade científica, o certo é que estes conceptos conformarían o abano que abarcan as Altas Capacidades, pero, que a día de hoxe, a Administración Educativa do Estado terá que definir.

Poderíamos dicir, dende o meu punto de vista, que *un alumno/a con altas capacidades será aquel que amose unha habilidade, competencia e capacidade produtiva superior ó seu grupo de iguais nunha, en varias ou en tódalas disciplinas*. Entendendo por superior que os resultados han de estar, como mínimo, por enriba de dúas desviacións típicas verbo do seu grupo de iguais, tal como recoñece a OMS (Organización Mundial da Saúde), para que unha intelixencia sexa considerada como superior.

Así, pois, este concepto vai ser moito máis amplo que a sobredotación, á que abrangue.

A sobredotación sería unha combinación de elementos converxentes e diverxentes de pensamento, condicionados por factores endóxenos de personalidade e esóxenos do contexto. Cando se produce un equilibrio no seu desenrolo estaríamos a falar dun alumno/a sobredotado. A dificultade está en acadar ese equilibrio xa que a escola fai fincapé fundamentalmente na atención das aptitudes converxentes de pensamento e descoida as diverxentes que son as que marcan as diferenzas destes alumnos verbo dos seus iguais.(Fig. 1)

En Galicia, como no resto do estado, antes de aprobarse a Lei Orgánica de Educación (LOE), falábase de alumnos superdotados e, xa que logo, eran considerados como alumnos con necesidades educativas especiais (Decreto 320 de 1996). A partires da LOE, falamos de alumnos con altas capacidades intelectuais e son considerados como alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) (título II da LOE).

É importante introducir un matiz, a LOE fala de alumnos con altas capacidades intelectuais e non de alumnos con altas capacidades. Posiblemente o termo segue quedándose curto, xa que quedarían excluídos colectivos con determinados talentos,

pénsese, por ex., en alumnos/as con talentos deportivos ou, incluso, tecnolóxicos.

A meirande parte dos autores utilizan indistintamente a expresión alumnos superdotados e alumnos con altas capacidades. Isto pode chegar a crear confusión e desarranxos nas actitudes e nas expectativas ante este tipo de alumnos/as.

Un alumno superdotado é seguro que se trata dun alumno con altas capacidades pero non á inversa, un alumno pode amosar altas capacidades e non ser sobredotado.

O termo altas capacidades procede do inglés *high abilities*, é un termo máis xenérico, amplo e menos restritivo có termo sobredotación.

Actualmente, entendo que as Altas Capacidades afectan a un 10-15% da poboación escolar (fig. 2), seguindo a liña do profesor J. RENZULLI (1990), unha das máximas autoridades no estudo da sobredotación. Sen embargo, existen outros autores que sitúan esa incidencia nun 5% ARTOLA, (2004); outros nun 2%, ACEREDA (1998); nun 1%, LAURICE e FORD (2006); etc. A discrepancia é alta e débese a confusión de termos. Posiblemente se está facendo referencia a variables como a creatividade, a capacidade cognitiva, o pensamento matemático, ... ou sinxelamente se está falando en termos de CI. Ocorre moitas veces, dende un criterio puramente psicométrico, que un alumno/a cun CI de 140 está claramente por enriba da media, pero pode non tratarse dun alumno superdotado porque existen outras variables como a creatividade, o desenvolvemento socioemocional, a motivación, etc, que non acadan

un nivel semellante. Neste caso, estaríamos a falar dun alumno/a con altas capacidades cognitivas pero non dun perfil de sobredotación.

## A ATENCION EDUCATIVA DOS MAIS CAPACES NA ESCOLA ORDINARIA

Os alumnos e alumnas con AA.CC. forman parte da escola ordinaria, están nas aulas ordinarias formando parte dun grupo de alumnos/as e ese debe ser o seu lugar natural dentro do sistema escolar. Non debemos esquecer que son nenos ou nenas como outros tantos da súa idade, non son adultos, aínda que os seus razoamentos os poidan ser. Necesitan vivir e experimentar as distintas etapas evolutivas da súa vida como calquera outra persoa sen grandes desaxustes cronolóxicos.

Agora ben, isto non quere dicir que os teñamos que tratar igual cós demais. Todos os nenos/as son diferentes, singulares. Un alumno con AA.CC. tamén o é. As súas características son distintas do resto do seu grupo: aprenden máis rápido, dominan e lembran rapidamente a información; teñen unha curiosidade excepcional naquelo que lles interesa; captan información que os outros non captan; plantexan preguntas minuciosas diferentes ás dos seus iguais; ven conexións entre conceptos diferentes que outros non ven; comprenden e elaboran ideas complexas; etc. A escola debe respectar as súas características e, consecuentemente, debe responder ás súas necesidades educativas, potenciando as súas cualidades e non uniformizándoas co resto do grupo.

Para elo dispón de varias medidas tanto a nivel curricular como organizativo. No primeiro




Fig. 2. Distribución e porcentaxes de casos na proba de Stanford-Binet

caso, están os **programas de enriquecemento curricular horizontais e os verticais**, onde haberá que reformular obxectivos, adaptar contidos, actividades e criterios de avaliación. No segundo, haberá que adecuar os tempos, os espazos e os recursos humanos e materiais. A clave non está só nos medios, está na actitude, o que redundará no enfoque que queiramos darlle as clases abrindo ou cerrando máis o currículo e na propia xestión da aula como espazo de aprendizaxe.

Sen embargo, aínda que todos estamos de acordo en que nas aulas existen nenos e nenas diferentes, non existe unha **conciencia de aula como un lugar de encontro**, onde poidan coexistir contidos e actividades diferentes, tanto individuais como grupais, cun alto nivel de interacción entre o alumnado, potenciando sistemas de axuda entre iguais. Existe máis ben unha dicotomía entre formas de ensinar, dende a exposición a todos ou a explicación alumno por alumno. A todos lles pedimos o mesmo, tamén ós máis capaces

É difícil atopar unha disposición cara outras propostas organizacionais tales como obradoiros, rincóns, plans de traballo individualizados, áreas de dominio, proxectos de traballo grupais, ... etc. Onde o diferente e o distinto fose o normal, o denominador común.

Fai falla un cambio de mentalidades.

A escola soe ser reticente ós cambios, segue a estar **presa de moitas inercias**. Centros educativos con cursos organizados por idades e apelidos; desenvolvemento de programas prescritos, pechados e estandarizados que son incompatibles coa propia natureza do coñecemento, marcados polas editoriais, organizados para grupos pero non para as necesidades dos alumnos; modos de ensinar/aprender perpetuados no tempo e no espazo; xeografías de aula que apuntan a unha ensinanza frontal e receptiva o uso inadecuado das novas tecnoloxías; ... convirte ós nosos alumnos en consumidores de coñecementos, onde o espírito crítico, a imaxinación, a capacidade de iniciativa, onde o pensamento diverxente non ten cabida e trae como consecuencia **a rutina e a monitorización, o tedio e a conformidade**. (Fig. 3)

Neste país, moi dado a simplificar e trivializar, entendeuse a diversidade como a educación especial, a atención ós nenos/as con dificultades de aprender, a atención ós alumnos/as con necesidades educativas especiais (ACNEE).

Os alumnos e alumnas con altas capacidades tamén forman parte desa diversidade, son alumnos con necesidades




Fig. 3.

específicas de apoio educativo e, xa que logo, tamén teñen dereito a ser receptores deses recursos e enerxías que ate o de agora sempre caen no mesmo lado. Xa non solo polo que poden aportar ao desenvolvemento dunha sociedade, tamén como persoas que necesitan axuda para o seu desenrolo escolar e persoal.

Neste sentido, como parte da diversidade que son, faise necesario que a escola cambie o enfoque na atención á diversidade, que se pase dun enfoque puramente compensador de carencias a un enfoque potenciador de cualidades que poden ser excepcionais e chegar a niveis excelentes de desempeño.

A escola inclusiva, entendida nos seus xustos límites, sérvenos como marco de referencia para a atención ós rapaces e rapazas máis capaces. Pero a idea de inclusión ha de facerse entendible e eficaz no propio proceso de ensinar-aprender. Solo así se pode cambiar a escola e abandonar as rutinas que se veñen perpetuando ano tras ano con modelos de resposta educativa estandarizados, planos e uniformes, que fan inviable a atencións ás diferenzas.

Na sociedade actual o recurso principal é a información. A información permite ampliar a mente humana, esta é a forza máis poderosa do planeta. Unha escola que respecte os ritmos, intereses e capacidade dos seus alumnos e proporcione situacións e oportunidades de aprender estará contribuíndo ao desenvolvemento persoal de cada individuo pero tamén ao benestar da sociedade.

## QUE SE PODE FACER NO ÁMBITO FAMILIAR

- Habería moitos aspectos que comentar dentro deste apartado. Sen embargo, hai algúns principios básicos nos que é moi importante facer fincapé:
- Os pais deben ser sempre iso: ser pais. Non teñen que xogar a ser profesores e levar a cabo unha ensinanza curricular paralela que pode acabar creando agobio ou confusión no seu desenvolvemento escolar.

- Os ambientes familiares estables contribúen a estabilidade emocional e, xa que logo, á motivación do alumno/a para aprender. Os ambientes familiares desestruturados crean desequilibrios que non favorecen un normal desenvolvemento escolar e persoal
- É importante potenciar e responder á súa curiosidade intelectual pero sen esquecer que son nenos e non adultos
- A aprendizaxe é moi importante enfocada dende a discreción e a humildade. Débense evitar as actitudes prepotentes e chulescas. Os erros que cometan deben ser considerados oportunidades para aprender e non como frustracións. Cando os alumnos máis capaces cometen erros e isto convértese en noticia, seguramente algo está desaxustado.
- A colaboración co centro educativo é fundamental. Trátase de poñer enriba da mesa a información que se ten do neno/a como pais e a información que se ten como profesores. Logo virán os axustes que se consideren necesarios
- Non fai falla unha sobreespecialización de servizos para atender a este tipo de alumnos/as, pero as actividades extraescolares que se propoñan deben planificarse escoitando a opinión dos especialistas dos centros, respectando os intereses do nenos/a e conxugando o que lle gusta co que necesita.

## PARA SABER MÁIS:

- ACEREDA, A e SASTRE, S. (1998). *La superdotación*. Madrid. Síntesis.
- JIMÉNEZ FERNÁNDEZ, C (2001): *Diagnóstico y educación de los más capaces*. Madrid. UNED.
- PRIETO, M.D. (1997). *Identificación, evaluación y atención a la diversidad del superdotado*. Málaga. Aljibe.
- REGADERA, L. & SANCHEZ, C. (2001): *Identificación y tratamiento de los alumnos con altas capacidades. Adaptaciones curriculares primaria y ESO*. Valencia. Brief
- SANCHEZ MANZANO, E. (2009): *La superdotación intelectual*. Málaga. Aljibe